



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Prezo público actividades terceira idade tempada 2026/2027

ANUNCIO

Aprobación prezo público actividades da terceira idade tempada 2026/2027

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vedra, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2026, aprobouse o prezo público para as actividades da terceira idade tempada 2026/2027, que se publica para xeral coñecemento:

PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE TEMPADA 2026/27

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables as actividades da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

Actividades incluídas na matrícula anual: - ximnasia de maiores - obradoiro de traballo corporal - obradoiro de memoria - canto-coral
Bailoterapia
loga integral

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

As actividades están dirixidas as persoas empadroadas no concello de Vedra e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos. Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Actividades incluídas na matrícula anual	25,00 €
Bailoterapia	20,00 €/trimestre
loga integral	30,00 €/trimestre

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición nas respectivas actividades. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento. O cargo en conta dos recibos domiciliados realizaranse nos 15 días do mes seguinte ao que tiveron lugar o inicio das actividades.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as actividades.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 11 de setembro de 2026

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2026/5950